

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE COSPEITO PARA A ADQUISICIÓN DO BEN DE INTERESE CULTURAL CASTELO DE VILAXOÁN, TAMÉN COÑECIDO COMO TORRE DE CALDALOBA.**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou o 25 de maio de 2022 co concello de Cospeito o convenio de colaboración para a adquisición do Ben de Interese Cultural Castelo de Vilaxoán, tamén coñecido como Torre de Caldaloba.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

**Primeiro.-** A Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Dentro dese ámbito competencial, a Xunta de Galicia ven desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio á sociedade en xeral.

Dentro deste ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o departamento da Xunta ao que lle corresponden as competencias e funcións en



materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; e ven desenvolvendo unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción e recuperación da nosa cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio á sociedade en xeral. Pretende defender e promocionar os valores culturais do pobo galego, actuando no fomento e promoción da cultura, e na protección, conservación e difusión do patrimonio cultural.

**Segundo.-** Por outra parte, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda aos concellos a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

**Terceiro.-** O Concello de Cospito ten interese na adquisición da "Torre de Caldaloba" e parte de parcelas ocupada polos fosos e murallas, que se corresponden coas referencias catastrais 27015A037003040000SI e 27015A037003000000SK, así como por parte da referencia 27015A037003030000SX co fin de poñer en valor este elemento singular da Historia de Cospito e de Galicia, declarado Ben de Interese Cultural (BIC) no ano 1949, o cal se atopa en estado de escaso mantemento.

**Cuarto.-** Esta Torre, tamén coñecida como "Castelo de Vilaxoán", sitúase rodeado por varias parcelas de diferentes propietarios, e a súa avaliación, dos seus fosos e entorno ven de sinalar o importante estado de abandono. De feito, no que se refire á propia Torre, fai anos fíxose, por parte da Administración Pública, unha intervención para garantir a permanencia e reducir o ritmo de degradación deste elemento histórico ante a ausencia de mantemento dos propietarios actuais, o que se pode apreciar tamén no que se refire ao entorno, tanto nas zonas dos fosos como nas murallas. Deste xeito, pasarán a ser asumidas pola Administración Pública local.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Cospito unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificultan a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

